



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL  
DO 17.10.2023**

**LUGAR:** Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo

**DATA:** 17.10.2023

**HORA DE COMEZO:** 12:30 h.

**HORA DE REMATE:** 14:00 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)

Reigosa Roger, Manuel Joaquín

Calviño Rodríguez, Xulio

Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo

Larriba Leira, María Elvira

Novoa Rodríguez, María Sol

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)



O martes día 17 de outubro de 2023, ás 12:30 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25.05.2022).
2. Informe do presidente.
3. Informe da Valedora universitaria da Universidade de Vigo. ¿De que se queixa o estudiantado?
4. Informe que proceda sobre as doazóns bibliográficas rexistradas durante 2022, se houberse.
5. Aprobación, se procede, da proposta de reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo para o curso 2023/2024.
6. Aprobación, se procede, da asignación de complementos de recoñecemento polos cargos de xestión, consonte avaliación da ACSUG. (Convocatoria 2022, segunda e terceira remesa).
7. Aprobación de prezos reducidos dos cursos de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo (ETIV) e de Experto en Inglés Xurídico.
8. Informe sobre Memorias finais de cursos propios da Universidade de Vigo.
  - a) Con aprobación previa do Presidente:
    - III Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes da automoción"
    - I Curso de especialista Internacional en "Termalismo e Spa"
9. Designación de representantes do Consello Social noutros órganos externos.
10. Proposta de designación de membros para a cobertura de vacantes na Executiva e na Comisión Económica do Consello Social.
11. Aprobación, se procede, da edición e difusión da Memoria do Consello Social correspondente a 2022.
12. Estudo de propostas de adaptación á LOSU de competencias e atribucións do Consello Social.
13. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2023.
14. Informe que proceda sobre o calendario e procedemento para aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2025/2026 (Consello de Goberno do 25.09.2023).
15. Informe que proceda sobre a extinción do título de Máster en Administración e Dirección de Empresas (MBA) (Consello de Goberno do 25.09.2023).
16. Aprobación, se procede, da modificación de denominación da Spinoff "Prismatrix" (Consello de Goberno do 25.09.2023).
17. Aprobación, se procede, da difusión telemática de contidos sobre a inserción laboral e empregabilidade dos titulados da Universidade de Vigo, e da dotación económica correspondente.
18. Aprobación, se procede, da participación do Consello Social no patrocinio do XVIII Congreso da Asociación Española de Profesores de Dereito Administrativo (AEPDA).
19. Aprobación, se procede, da dotación económica correspondente para a organización dos premios Consello Social UVigo\_Humana.
20. Rogos e preguntas.

---

*Agradece o presidente a asistencia aos presentes, en especial á Valedora da UVigo, Esther Pillado, que comparece como invitada para informar da memoria de actividades do último ano e das actividades e incidencias rexistradas pola institución que dirixe.*



### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25.05.2022).*

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

O presidente salienta a diminución de convocatorias da comisión, dende que os prezos dos cursos propios se concentran e aproban nunha proposta única unha vez ao ano. Apunta que se barallou a posibilidade de reorganizar as competencias das comisións para reequilibrar as convocatorias, aínda que, decidiuse agardar á plena aplicación da nova LOSU para facer os cambios. Comunica seguidamente a proposta de designación de María de los Ángeles García (que asiste á sesión como invitada) como novo membro da Executiva, para cubrir a vacante existente.

### **PUNTO 3**

*Informe da Valedora universitaria da Universidade de Vigo. ¿De que se queixa o estudiantado?*

Esther Pillado agradece a invitación "para visibilizar o traballo do órgano que represento". Explica o que fai, e o procedemento que sigue para resolver reclamacións, responder a consultas, facer recomendacións ou intermediar para buscar solución ás incidencias. A Valedora sinala que o último informe, do ano 2022, rexistra un aumento considerable de consultas e expedientes tramitados, respecto a 2021, e subliña que non é fácil chegar a coñecer se está crecendo a conflictividade ou están aflorando situacións que antes non se denunciaban. "Haberá que ver a evolución ao longo do ano 2023". Interpreta que a subida é unha boa mostra de que os membros da comunidade universitaria confían no funcionamento dos instrumentos de defensa dos seus dereitos dentro da universidade, o que evidencia a madurez do sistema universitario. Como en anos anteriores, a maioría dos expedientes refírense ao estudiantado (65 %), seguido a bastante distancia polo profesorado (27 %) e polo PAS (8 %). Outro tanto acontece coas consultas, das que o 66 % proceden do estudiantado, o 19 % corresponden ao profesorado, mentres que as do PAS representan un 15 % do total das recibidas.

María Elvira Larriba, Xulio Calviño e Francisco Gustavo Izquierdo fan distintas reflexións xerais e consultas sobre aspectos concretos, ás que resposta a Valedora.

*O presidente agradece a aportación de Esther Pillado, que abandona a reunión.*

### **PUNTO 4**

*Informe que proceda sobre as doazóns bibliográficas rexistradas durante 2022, se houbese.*

Consonte a normativa de aceptación de doazóns bibliográficas, e máis alá das doazóns de singular importancia das que deberá ser informado consonte o disposto no artigo 4n) da Lei 1/2003, o Consello Social solicita anualmente un informe sobre posibles doazóns á Biblioteca universitaria. En 2022, ao igual que nos anos anteriores, non se rexistraron novidades.

- ***A Comisión dáse por informada.***

### **PUNTO 5**

*Aprobación, se procede, da proposta de reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo para o curso 2023/2024.*

Explica o secretario o procedemento iniciado en xuño para avaliar as solicitudes de bolsas de colaboración dos departamentos solicitadas polo alumnado, remata agora coa adxudicación definitiva. Do primeiro reparto de xuño quedaron 20 vacantes para os 18 solicitantes que cumpren todos os requisitos e non tiveron praza concedida en xuño. Subliña Ignacio Rodríguez que é a primeira vez que as vacantes son máis que as peticións cursadas dende os departamentos,



quedando dúas prazas sen cubrir por non haber candidatos, o que podería influír en que o Ministerio de Educación restase esas dúas bolsas á UVigo na próxima convocatoria, tal e como se advirte na mesma.

- ***A Comisión dá a súa aprobación.***

#### **PUNTO 6**

*Aprobación, se procede, da asignación de complementos de recoñecemento polos cargos de xestión, consonte avaliación da ACSUG. (Convocatoria 2022, segunda e terceira remesa).*

A proposta da Reitoría, e consonte as valoracións aprobadas pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), en xuntanzas do 18 de xullo e 20 de setembro de 2023, a Comisión acorda as asignacións dos cinco complementos a profesores que se propoñen, en recoñecemento aos cargos de xestión, correspondentes a segunda e terceira remesa da convocatoria 2022.

- ***Apróbase a asignación.***

#### **PUNTO 7**

*Aprobación de prezos reducidos dos cursos de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo (ETIV) e de Experto en Inglés Xurídico.*

Vista a proposta da Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente, e en aplicación do artigo 24.3 do Regulamento dos programas de formación permanente da UVigo, a Comisión aproba o prezo reducido para os colexiados do ICAV que se matriculen no Curso de Experto en inglés xurídico; e para o alumnado do Mestrado de Tradución para a comunicación internacional que se matricule no título de Especialista en Tradución para a industria do videoxogo. Aclara o secretario que o Consello Social aprobou os prezos dos títulos propios da UVigo no pleno do pasado mes de marzo, e que as excepcionalidades requiren unha nova aprobación.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 8**

*Informe sobre Memorias finais de cursos propios da Universidade de Vigo.*

a) *Con aprobación previa do Presidente:*

- *III Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes da automoción"*
- *I Curso de especialista Internacional en "Termalismo e Spa".*

As taxas destes cursos foron aprobadas polo Consello Social ao longo de 2021, con anterioridade a entrada en vigor do novo Regulamento dos Programas de Formación Permanente da UVigo. É por iso que as memorias finais deben ser informadas tamén polo propio Consello Social.

- ***Emítese informe favorable.***

#### **PUNTO 9**

*Designación de representantes do Consello Social noutros órganos externos.*

Informa o presidente de que catro membros do Consello Social asumen distintas representacións en diferentes órganos da UVigo: tres, nos novos institutos de investigación da universidade: María Sol Nóvoa Rodríguez (Agroecoloxía e Investigación); Yolanda López Fernández (Física e Ciencias Aeroespaciais); e Ana María Ortiz Álvarez (Xustiza e Xénero). Jesús Graña Nogueiras será o representante na Comisión de Estatutos do Claustro da UVigo.

- ***A Comisión dá a súa conformidade.***



#### **PUNTO 10**

*Proposta de designación de membros para a cobertura de vacantes na Executiva e na Comisión Económica do Consello Social.*

O presidente informa que, trala súa marcha, Rosa María Sánchez Gándara e María Gloria Blanco Rial deixaron vacantes nas Comisións Económica e Executiva, respectivamente. Despois de expoñer os criterios para elixir ás persoas substitutas, propón a Gerardo Ramón Pérez Puga e a María de los Ángeles García Míguez para integrarse en ámbalas dúas comisións.

- ***A Comisión dá a súa conformidade.***

#### **PUNTO 11**

*Aprobación, se procede, da edición e difusión da Memoria do Consello Social correspondente a 2022.*

Vense os orzamentos para a edición impresa e dixital. O secretario precisa que son de máximos porque probablemente se rebaixe o número de exemplares impresos, que o pasado ano foron 250.

- ***Apróbase un importe estimado de 5.750 €.***

#### **PUNTO 12**

*Estudo de propostas de adaptación á LOSU de competencias e atribucións do Consello Social.*

Achéganse para coñecemento senllos informes elaborados pola secretaría, para establecer a posición actual de competencias e obrigas do Consello Social, sobre todo en materia económica, e o escenario que se abre co desenvolvemento da LOSU. No primeiro dos casos fíxase a normativa e o calendario de cumprimento consonte as normativas actuais. No segundo informe, o obxectivo é poñer en contexto as novidades que preconfigura a LOSU na actividade do Consello Social, especialmente nos aspectos económico-orzamentarios, con vistas a desenvolver e interpretar un xeito de anticipación a ditos cambios.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 13**

*Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2023.*

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 14**

*Informe que proceda sobre o calendario e procedemento para aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2025/2026 (Consello de Goberno do 25.09.2023).*

Fai unha breve aportación o presidente, para concluír que -ao igual que no curso anterior- o procedemento require que o Consello Social emita o seu informe antes do 29 de xullo de 2024., antes de enviar a proposta á Conselleira de Educación e Universidades.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 15**

*Informe que proceda sobre a extinción do título de Máster en Dirección e Administración de Empresas (MBA) (Consello de Goberno do 25.09.2023).*

A proposta do Consello de Goberno trátase sobre a extinción do Máster en Dirección e Administración de Empresas (MBA) impartido no seu momento no IESIDE, consonte o convenio que



regula o cese de actividades do Instituto e a súa desadscripción como centro adscrito á UVigo. O Máster deixou de ofertar prazas para alumnos de novo ingreso no curso 2022/2023. Ábrese unha rolda de intervencións, opinións, pareceres e consultas dos presentes, sobre as incidencias durante o período de xestión da primeira universidade privada implantada en Galicia, a súa evolución e perspectivas dentro do SUG. O reitor manifesta que as relacións institucionais mantéñense dentro do respecto e o bo entendemento.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

#### **PUNTO 16**

*Aprobación, se procede, da modificación de denominación da Spinoff "Prismatrix" (Consello de Goberno do 25.09.2023).*

Sinala o presidente que o Consello Social aprobou o pasado mes de xuño a creación da empresa "Prismatrix", a proposta do Consello de Goberno. Recíbese unha nova proposta do Consello de Goberno, previa solicitude da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, co nome de "Spectrumgrid, S. L.", tras informar o Rexistro Mercantil que o nome inicial non está dispoñible.

- ***A Comisión emite informe favorable.***

#### **PUNTO 17**

*Aprobación, se procede, da difusión telemática de contidos sobre a inserción laboral e empregabilidade dos titulados da Universidade de Vigo, e da dotación económica correspondente.*

Propónse unha aportación de 5.500 € para a difusión telemática de contidos sobre a inserción laboral e a empregabilidade das persoas tituladas pola UVigo. Os datos dos indicadores do traballo que realiza o Observatorio de Persoas Tituladas -e que promove o Consello Social- refiren a situación tanto en estudos de Grao como Mestrado e Doutoramento.

- ***A Comisión dá a súa aprobación.***

#### **PUNTO 18**

*Aprobación, se procede, da participación do Consello Social no patrocinio do XVIII Congreso da Asociación Española de Profesores de Dereito Administrativo (AEPDA).*

O colectivo de profesores de Dereito administrativo das universidades españolas prepara o seu congreso anual en Vigo, baixo a temática "O Dereito administrativo na era da intelixencia artificial", que abordará os desafíos e implicacións que se presentan, con particular afectación aos dereitos dos cidadáns. O presidente apunta que subscriben a petición profesores do Departamento de Dereito público, Área de Dereito administrativo da UVigo, e propón unha aportación de 2.000 €. Prevese unha asistencia de 300 persoas.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 19**

*Aprobación, se procede, da dotación económica correspondente para a organización dos premios Consello Social UVigo\_Humana.*

Ernesto Pedrosa explica que levan o nome do Consello Social, e foron creados para recoñecer o labor de persoas físicas, institucións e organizacións non gobernamentais destacadas nos ámbitos da solidariedade e a cooperación. Concede dous premios, un a nivel galego e outro a nivel internacional, que serán entregados o 20 de decembro. Propón unha aportación de 2.977,30 € para financiar o acto de entrega, que organiza a Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade.

- ***Apróbase por asentimento.***



**PUNTO 20**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do 17 de outubro de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias